

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE NOVEMBRO DE 2015 POLA QUE SE RESOLVE A CONCESIÓN DOS SEGUNDOS PREMIOS EGERIA Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E DE MÁSTER NA UNIVERSIDADE DE VIGO

De conformidade co establecido na resolución reitoral do 3/09/2015 pola que se convocan os segundos Premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster na Universidade de Vigo, de acordo coa acta do xurado nomeado mediante resolución reitoral do 14/10/2015 e en virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Conceder os seguintes premios:

Primeiro Premio de inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de **Máster:**

«Estereotipos de xénero nas expectativas de futuro da mocidade en situación de desprotección e conflito social»

Autora: Noelia García Ferreiro

Titulación: Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Accésit:

«Lo personal es lo político. La creación artística como estrategia reflexiva acerca del papel de la mujer en la sociedad patriarcal »

Autora: Ester Gandía Martínez

Titulación: Máster universitario en Arte Contemporánea: creación e investigación

Primeiro Premio de inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de **Grao:**

«Piropos: ¿afagadores? ou ¿práctica que mantén os estereotipos de xénero?»

Autora: Raquel Lois Gómez

Titulación: Grao en Educación Social

Accésit:

«A perspectiva de xénero na intervención didáctica do alumnado de grao en CCAFD: linguaxe e formación de grupos»

Autora: Olaia Rivero González

Titulación: Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo o vintese de novembro de dous mil quince.

Vigo, 27 de novembro de 2015
A directora da Unidade de Igualdade

Ana Isabel González Penín

Vigo, 27 de novembro de 2015



Salustiano Mato de la Iglesia

